



CONCELLOS

LOURENZÁ

Anuncio

Notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por inscripción indebida.

“Con fecha 14 de junio se inicia expediente de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes.

1º.- Declarar el inicio del procedimiento de baja de oficio de la inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por inscripción indebida de la persona que se relaciona a continuación:

- MOUNIR TALEB

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá”.

Lourenzá, 23 de agosto de 2022.- A Alcaldesa, Rocio López García.

R. 2414

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 3º BIMESTRE DO EXERCICIO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 08.08.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo do terceiro bimestre do exercicio 2022 (maio-xuño)

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 25.08.2022 ata o 25.10.2022.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras

3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 19 de agosto de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2415

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XULLO 2022E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 08.08.2022 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de xullo de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 31.08.2022 ata o 31.10.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 19 de agosto de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2416

OUROL

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de agosto de dous mil vinte e dous, aprobou as Bases reguladoras para a convocatoria de axudas transporte ao alumnado do concello de Oourol que realice estudos fóra do termo municipal, (Curso Académico 2021-2022). 2ª Convocatoria, que literalmente din:

“BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS TRANSPORTE AO ALUMNADO DO CONCELLO DE OUROL QUE REALICE ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL (CURSO ACADÉMICO 2021-2022). 2ª CONVOCATORIA”

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS.

Convocatoria de concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar gastos de desprazamento daqueles/as alumnos/-as do Concello que estudan fóra do termo municipal durante o curso 2021-2022.

2. BENEFICIARIOS/-AS.

Poderán ser beneficiarios/-as destas axudas aqueles xoves do Concello de Oourol que estean cursando Bacharelato ou algunha modalidade de ciclos formativos de grao medio ou superior e graos, masters, teses ou doutorados universitarios, agás os realizados na modalidade de formación a distancia ou online.

Quedan excluídos aqueles cuxo transporte xa estea subvencionado ou teña carácter gratuíto.

Quedan excluídos desta convocatoria aqueles/as xoves que tiveran sido beneficiarios/as na anterior convocatoria aprobada polo concello de Oourol (BOP Lugo 150, do sábado, 02 de xullo de 2022).

3. REQUISITOS.

Serán requisitos necesarios para a concesión de axudas:

3.1.-Estar empadroadado no Concello de Oourol

3.2.-Figurar matriculado no curso académico 2021-2022 en centros de ensinanza financiados con fondos públicos nos que se cursen os estudos relacionados na base 2.

4. TIPO DE AXUDAS.

Os xoves que cumpran os requisitos anteriormente mencionados serán beneficiarios/as dunha axuda económica de pagamento único, sendo esa cantidade idéntica para cada beneficiario/-a, segundo a quilometraxe na que estea incluído. A cantidade concedida será aprobada posteriormente en Xunta de Goberno Local con arranxo aos seguintes criterios.

- De 1km. a 15 km 120 euros
- De 15km. a 50km..... 150 euros
- De 50km. a 175km..... 200 euros
- De máis de 175km..... 250 euros

Para a concesión destas axudas está reservada a aplicación orzamentaria 323.480 do orzamento municipal do exercicio 2022.

5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo/a interesado/a segundo o modelo oficial que será distribuído aos/as interesados/as que así o desexen no Rexistro Xeral do Concello de Oourol dentro do prazo indicado, aportando a seguinte documentación:

1.- Solicitud debidamente cumprimentada e asinada polo interesado (se é menor de idade, polo seu pai, nai ou titor).

2.- Fotocopia do DNI do/a solicitante debidamente cotexado co seu orixinal.

3.- Certificación bancaria da conta corrente do interesado, no seu caso.

Xustificación para o cobro da axuda.

A documentación a aportar será a seguinte:

1. Para os/ as alumnos/as universitarios:

1.1.-Fotocopia da matrícula cotexada co seu orixinal.

1.2.-Extracto do expediente universitario ou certificación do centro académico de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula do curso 2021-2022.

1.3.- Documentación que acredite a localidade onde se están a cursar os estudos.

2. Para os/as alumnos/as de Bacharelato ou Formación profesional:

2.1.- Fotocopia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación académica expedida polo centro ou certificación do centro de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2021-2022.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes e a documentación requirida presentarase no rexistro xeral do Concello de Oourol. O prazo de presentación de solicitudes e demais documentación xustificativa da axuda, é de 10 días naturais, que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación das bases desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se o último día de presentación das solicitudes coincidise en sábado, domingo ou festivo prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

7. PUBLICIDADE.

A presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

8. COMISIÓN AVALIADORA.

A comisión avaliadora estará composta polo alcalde-presidente da corporación municipal, como presidente, como vogais a traballadora social, a concelleira delegada de asuntos sociais e un funcionario de administración xeral, actuando como secretario o Secretario-Interventor.

9. RESOLUCIÓN.

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. O acordo ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas serán notificadas individualmente e serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.

Ourol a dezasete de agosto de 2022.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2417

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do concello de Ourol, en sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de agosto de dous mil vinte e dous, aprobou as seguintes Bases reguladoras para a concesión de axudas para libros de texto e material escolar para o alumnado matriculado en Segundo Ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial, para o Curso 2022/2023, que literalmente din:

“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O ALUMNADO MATRICULADO EN SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA OU EDUCACIÓN ESPECIAL, PARA O CURSO 2022/2023”.

1. OBXECTO:

O obxecto desta convocatoria é o de regular a concesión de axudas económicas para a adquisición de material escolar para o alumnado matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, co fin de garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación para as familias en condicións socio-económicas máis desfavorecidas, a través da asignación dunha axuda económica para sufragar aqueles gastos ocasionados pola compra de libros de texto, cadernos ou material escolar que non estean subvencionados por outra administración pública.

2. REQUISITOS:

a. Requisitos xerais:

As axudas deberán ser solicitadas por quen ou quenes teñan a patria potestade, tutela ou curatela do alumnado.

- Que todos os membros da unidade familiar se encontren empadroados no Concello de Ourol na data da solicitude, cunha antigüidade mínima de tres meses.
- Estar matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2022/2023.
- Que ningún membro da unidade familiar teña débedas pendentes co Concello de Ourol.

b. Requisitos económicos:

Que a renda per cápita anual da unidade familiar non supere os 9.000 euros.

1.- A efectos desta convocatoria considéranse membros computables da unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.

2.- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3.- Non terá a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.

4.- O alumnado de Educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ó 65% será beneficiario destas axudas con independencia da renda.

3. DETERMINACIÓN DA RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:

Para os efectos desta convocatoria, a renda per cápita da unidade familiar será o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 entre o número de membros computables.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2021, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible de aforro (recadro 460); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

4. CRITERIOS DE PUNTUACIÓN:

4.1. Por nivel de renda:

- a. Solicitantes con renda per cápita de ata 4000 €/ano: 15 puntos
- b. Solicitantes con renda per cápita entre 4.001 e 6000 €/ano: 12 puntos
- c. Solicitantes con renda per cápita entre 6.001 e 9.000 €/ano: 9 puntos

4.2. Por circunstancias socio persoais:

- a. Por pertencer a familias nas que algún dos seus membros se atope en situación de desemprego ou teña recoñecida a incapacidade permanente en grao de total, absoluta ou grande invalidez ou estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada en grao igual ou superior ó 65%: 2 puntos por cada membro que acredite esta situación.
- b. Por pertencer a familias nas que algún dos seus membros estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada de entre o 33% e o 64%: 1 punto por cada membro que acredite esta situación.
- c. Por pertencer a familias monoparentais (esta situación deberá acreditarse mediante o certificado expedido pola Xunta de Galicia acreditativo da condición de familia monoparental): 1 punto
- d. Por ter a condición de familia numerosa: 1 punto
- e. Por situación de violencia de xénero: 2 puntos

Cada solicitante obterá unha puntuación en función dos criterios anteriormente descritos.

O valor de cada punto calcularase segundo a seguinte fórmula:

Total do presuposto / Total de puntos obtidos por tódolos solicitantes

A cantidade a conceder obterase do resultado de multiplicar o valor do punto polo número total de puntos obtidos por cada solicitante.

En ningún caso a contía da axuda económica poderá superar os 100 € por alumno/a para o/a que se solicita a axuda.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a partir da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6. DOCUMENTACIÓN:

- Solicitud debidamente cumplimentada que estará a disposición d@s solicitantes no Departamento Municipal de Servizos Sociais e na Sede Electrónica do Concello de Oourol. A solicitud será única para todos/as os/as fillos/as e nela especificarase o nivel de estudos que vai a realizar cada un/unha. Cada un/unha deles/delas recibirá a contía que lle corresponda segundo os criterios establecidos nestas bases.
- Fotocopia do DNI d@ solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia obrigad@s a obtelo.
- Fotocopia do libro de familia.

- Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2021 ou certificado de imputacións do IRPF relativo a tódolos membros computables da unidade de convivencia maiores de 18 anos.
- Documentos acreditativos das circunstancias socio-persoais alegadas. (Certificado acreditativo de atoparse en situación de desemprego, Certificado de discapacidade ou de ter recoñecida unha incapacidade permanente, Certificado acreditativo da condición de familia monoparental, Título de familia numerosa e documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, segundo o caso)
- Certificado de número de conta bancaria onde se efectuará o ingreso no caso de ser beneficiari@ da axuda.
- Documento acreditativo de atoparse matriculado/a en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial para o curso 2022/2023.

A persoa solicitante terá dereito a non presentar aqueles documentos que xa obren en poder desta entidade local, segundo o establecido no art. 35 f) da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

O Departamento de Servizos Sociais revisará as solicitudes e os documentos requeridos verificando que están completas. Nos casos en que falte documentación requirirase á persoa solicitante para que no prazo de 10 días subsane as deficiencias. De non presentar a documentación requerida no prazo indicado, a solicitude será arquivada.

As solicitudes completas serán elevadas á Xunta de Goberno Local para a súa resolución que será notificada @ solicitante.

8. XUSTIFICACIÓN:

A persoa solicitante deberá xustificar a aplicación da axuda recibida mediante a presentación da factura correspondente, no prazo de 10 días como máximo dende a recepción da notificación de concesión.

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Realizar o gasto obxecto da subvención.
- Acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, coa presentación das facturas correspondentes dos gastos realizados.
- Someterse ás actuacións de comprobación por parte do Concello e ás de control financeiro que corresponda á intervención municipal.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

10. RÉXIME XURÍDICO:

A concesión destas axudas axustarase ás normas contidas nesta convocatoria, á Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como á normativa de réxime local que lles puidese afectar.

11. PREVISIÓN ORZAMENTARIA:

- Axuda que se prevé destinar na presente convocatoria: 1000 €, contía que poderá verse modificada en función do número de solicitudes presentadas co fin de adecuar as subvencións concedidas ó gasto real e ó establecido no último párrafo do artigo 4.
- Partida orzamentaria: 323.480 do estado de gastos do orzamento municipal de 2022.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Lei xeral de Subvencións.

Ourol, dezasete de agosto de 2022.- O Alcalde, José Luís Pajón Camba.

R. 2418

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XULLO 2022

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 11 de agosto de 2022 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xullo de 2022 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xullo: 3134,22 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de setembro de 2022 e o 01 de novembro de 2022. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafito do Cebreiro, 18 de agosto de 2022.- O Alcalde. José Luis Raposo Magdalena.

R. 2419

SARRIA

Anuncio

Na data de 19 de agosto de 2022 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Numero 189 a Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria. Advertido erro en dito anuncio e en virtude do disposto no artigo 109.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común se proceda á corrección de erros, de modo que

onde di: “Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 04 de Xullo de 2022”

debe dicir: “Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 04 de outubro de 2022”

Sarria, 19 de agosto de 2022.- O Alcalde, Claudio Garrido Martínez.

R. 2420

Anuncio

MODIFICACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022

No Boletín Oficial da Provincia nº 150 de data 02/07/2022 publicouse a Oferta de Emprego Público do Concello de Sarria para o ano 2022.

Mediante Decreto de Alcaldía 2022-0865, de data 22/08/2022, unha vez resoltos os recursos interpostos, acordouse modificar a Oferta de Emprego Público para o ano 2022 nos seguintes termos por aceptación dos referidos recursos, quedando sen efecto a publicada no Boletín Oficial da Provincia nº150:

A) ACCESO LIBRE

PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA:

GRUPO	SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
A	A1	Administración Especial	Técnica	Enxeñeiro/a Industrial	1	Concurso-oposición
A	A2	Administración Especial	Técnica	Arquitecto Técnico	1	Concurso-oposición
C	C1	Administración Especial	Servizos Especiais	Policía Local	3	Oposición

C	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Auxiliar administrativo/a	6	Concurso-oposición
C	C2	Administración Especial	Servizos Especiais	Operario Mantemento	1	Concurso-oposición
Total de prazas a ofertar					12	

PERSOAL LABORAL FIXO

GRUPO COTIZACIÓN	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
10	Operarios de medio ambiente	4	Concurso-oposición
10	Axudante matarife	1	Concurso-oposición
10	Operarios Instalacións deportivas	2	Concurso-oposición
10	Operarios de obras	2	Concurso-oposición
Total de prazas a ofertar		9	

B) PROMOCIÓN INTERNA:**PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA:**

GRUPO	SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
A	A2	Administración Especial	Servizos Especiais	Inspector / a Policía Local*	1	Concurso-oposición
A	A2	Administración Xeral	Xestión	Técnico de Xestión	1	Concurso-oposición
C	C1	Administración Xeral	Administrativa	Administrativo/a	3	Concurso-oposición
Total de prazas a ofertar					5	

*Artigo 38 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Sarria, a 23 de agosto de 2022.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2421

Anuncio

MODIFICACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

No Boletín Oficial da Provincia nº 135 de data 14/06/2022 publicouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Sarria.

No Diario Oficial de Galicia nº 155 de data 17/08/2022 publicouse un extracto da referida Oferta de Emprego Público.

Mediante Decreto de Alcaldía 2022-0865, de data 22/08/2022, unha vez resoltos os recursos interpostos, acordouse modificar a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Sarria nos seguintes termos por aceptación dos referidos recursos, quedando sen efecto a publicada no Boletín Oficial da Provincia nº135 e no Diario Oficial de Galicia nº 155:

PERSOAL FUNCIONARIO:

GRUPO/ SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	VACANTES	DATA DE ADSCRICIÓN	SISTEMA DE ACCESO
A2	ADMON ESPECIAL	TÉCNICA	1	01/03/2004	D.A. 6ª
C1	ADMON XERAL	ADMINSITRATIVA	1	02/11/2011	D.A. 6ª
B	ADMON ESPECIAL	TECNICA	1	01/03/2011	D.A. 6ª

PERSOAL LABORAL:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	VACANTES	DATA DE ADSCRICIÓN	SISTEMA DE ACCESO
G.C. 10	OPERARIOS OBRAS	2	14/09/2017	Art. 2
G.C. 10	AXUDANTE OBRAS	1	14/09/2017	Art. 2
G.C. 10	ASISTENTES DOMICILIARIOS	2	01/05/2010 E 17/07/2002	D.A. 6ª
G.C. 2	PSICOPEDAGOGO	1	29/01/2014	D.A. 6ª
G.C. 2	PSICOLOGO CIM	1	18/04/2013	D.A. 6ª
G.C. 3	DIRECTOR ESCOLA MUSICA	1	01/02/1999	D.A. 6ª
G.C. 10	VIXILANTE INSTALACIONES DEPORTIVAS	1	01/06/2010	D.A. 6ª
G.C. 2	ORIENTADORA LABORAL	1	01/02/2009	D.A. 6ª

PERSOAL LABORAL FIXO-DISCONTINUO:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	VACANTES	DATA DE ADSCRICIÓN	SISTEMA DE ACCESO
G.C. 5	MESTRES ESCOLA DE MUSICA	3	SENTENCIA INDEFINIDOS E ANTERIOR A 2016	D.A. 6ª

G.C.5	MESTRES ESCOLA DE MUSICA	5	OCUPACIÓN ININTERRUMPIDA PERIODOS LECTIVOS ANTERIORES A 2016	D.A. 6ª
-------	--------------------------	---	--	---------

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Sarria, no *Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia*.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Sarria, a 23 de agosto de 2022.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2422

SOBER

Anuncio

Procedimento: Corrección de erros.Subvencións por Concurrency Competitiva.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

